

# Informe sobre as afiliacións á Seguridade Social

Período de referencia: Abril de 2026


Data de publicación: 5 de maio de 2026

## Principais resultados

- No mes de abril de 2026, o número de afiliacións en Galicia situouse en 1.103.820, un 1,51% máis que no mesmo mes de 2025. En España, a taxa de variación interanual foi do 2,4%.
- En Galicia, en termos interanuais, as afiliacións ao réxime xeral subiron un 1,95%, mentres que no réxime especial de autónomos subiron un 0,03%.

## Evolución das taxas de variación interanuais

Unidade: porcentaxe



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

## 1 Información xeral


O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de abril de 2026 acadou a cifra de 1.103.820; o que supón un aumento respecto ao mes pasado de 7.945 afiliacións (0,72%). Para España, a cifra de afiliacións sitúase en 22.105.831, cun aumento do 1,02% respecto ao mes pasado. Estas cifras son as máis altas nun mes de abril desde que hai rexistros, tanto en Galicia como en España.

No mes de abril, normalmente en Galicia aumenta o número de afiliacións respecto ao mes de marzo. Neste ano 2026, malia que o incremento das afiliacións foi menor que en 2025, trátase do segundo maior aumento da serie histórica.

### Variación mensual das afiliacións nos meses de abril. Galicia

Variación absoluta

Variación relativa (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridade Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

Na comparativa interanual, obsérvase un aumento de 16.386 afiliacións en Galicia (1,51%) e un aumento do 2,4% (517.192 afiliacións) en España.

Por comunidades e cidades autónomas, todas rexistran un incremento das afiliacións respecto a marzo de 2026. Illas Baleares (12,07%) é a que máis sobe.

En canto ás taxas respecto a abril de 2025, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades e cidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Melilla (5,28%) e Ceuta (3,51%).


**Evolución das afiliacións por comunidades e cidades autónomas**

CCAA	Afiliación media Abril 2026	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
Andalucía	3.602.282	43.313	1,22	80.480	2,29
Aragón	635.179	2.703	0,43	14.066	2,26
Asturias, Principado de	396.631	2.650	0,67	7.655	1,97
Baleares, Illas	605.630	65.242	12,07	18.277	3,11
Canarias	962.896	296	0,03	23.919	2,55
Cantabria	238.609	2.967	1,26	3.156	1,34
Castela e León	996.564	5.584	0,56	15.558	1,59
Castela-A Mancha	804.338	3.456	0,43	21.400	2,73
Cataluña	3.921.134	38.360	0,99	76.918	2,00
Comunidade Valenciana	2.280.104	16.251	0,72	76.603	3,48
Extremadura	419.361	5.920	1,43	6.849	1,66
GALICIA	1.103.820	7.945	0,72	16.386	1,51
Madrid, Comunidade de	3.895.185	15.765	0,41	115.862	3,07
Murcia, Rexión de	694.941	7.205	1,05	19.059	2,82
Navarra, Comunidade Foral de	318.782	2.247	0,71	5.590	1,78
País Vasco	1.035.867	2.457	0,24	11.027	1,08
Rioxa, A	143.329	824	0,58	2.225	1,58
Ceuta	24.981	378	1,54	848	3,51
Melilla	26.199	123	0,47	1.313	5,28
ESPAÑA	22.105.831	223.684	1,02	517.192	2,40

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

**Contribución das comunidades e cidades autónomas na variación interanual da afiliación mensual**

Unidade: porcentaxe



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

## 2 Información por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou respecto a abril de 2025 en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 1,68%, seguida de Pontevedra (1,64%), Ourense (1,05%) e Lugo (0,83%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de abril respecto ás do mes de marzo, Lugo é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación intermensual do 0,97%, seguida de Pontevedra (0,76%), A Coruña (0,72%) e Ourense (0,34%).

### Evolución das afiliacións á Seguridade Social

	Afiliación media Abril 2026	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
A Coruña	483.855	3.449	0,72	8.004	1,68
Lugo	127.196	1.224	0,97	1.045	0,83
Ourense	108.450	365	0,34	1.127	1,05
Pontevedra	384.319	2.906	0,76	6.210	1,64
GALICIA	1.103.820	7.945	0,72	16.386	1,51
ESPAÑA	22.105.831	223.684	1,02	517.192	2,40

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

## 3 Información segundo o réxime de afiliación

En abril de 2026, as afiliacións ao réxime xeral concentran o 79,91% das afiliacións galegas, cun aumento do 0,86% respecto ao mes anterior e un aumento interanual do 1,95%. En España, as taxas foron do 1,13% respecto a marzo de 2026 e do 2,62% en relación ao mes de abril de 2025. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (74,97%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-0,95%), A Coruña (-0,28%) e Ourense (-0,1%) presentan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,91%) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no 0,03%. Para este réxime e respecto ao mes de marzo de 2026, baixan as afiliacións en A Coruña (-0,23%), mentres que soben en Pontevedra (0,58%), Lugo (0,31%) e Ourense (0,26%). O conxunto de Galicia presenta unha taxa intermensual do 0,17%. En España, este réxime presenta unha subida interanual do 1,26% e unha subida intermensual do 0,45%.

No réxime especial do mar, a taxa de variación interanual en Galicia foi do -2,87%, con todas as provincias en negativo: Lugo (-5,27%), A Coruña (-4,96%) e Pontevedra (-1,67%). Respecto a marzo de 2026, a taxa galega é do 0,38%, subindo as afiliacións en todas as provincias: A Coruña (1%), Lugo (0,31%) e Pontevedra (0,12%). En España, as taxas indican unha baixada interanual do 0,45% e unha subida intermensual do 2,09%.

## Afiliacións por réximes

### Total

	Afiliación media Abril 2026	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	483.855	0,72	1,68
Lugo	127.196	0,97	0,83
Ourense	108.450	0,34	1,05
Pontevedra	384.319	0,76	1,64
GALICIA	1.103.820	0,72	1,51
ESPAÑA	22.105.831	1,02	2,40

### Réxime xeral

	Afiliación media Abril 2026	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	395.621	0,92	2,19
Lugo	95.356	1,19	1,50
Ourense	86.283	0,36	1,35
Pontevedra	304.807	0,83	1,94
GALICIA	882.068	0,86	1,95
ESPAÑA	18.599.076	1,13	2,62

### Réxime especial de autónomos

	Afiliación media Abril 2026	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	83.388	-0,23	-0,28
Lugo	30.562	0,31	-0,95
Ourense	22.167	0,26	-0,10
Pontevedra	68.112	0,58	0,91
GALICIA	204.229	0,17	0,03
ESPAÑA	3.444.973	0,45	1,26


### Réxime especial do mar

	Afiliación media Abril 2026	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	4.846	1,00	-4,96
Lugo	1.277	0,31	-5,27
Ourense	0		
Pontevedra	11.400	0,12	-1,67
GALICIA	17.523	0,38	-2,87
ESPAÑA	60.959	2,09	-0,45

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

## Distribución das afiliacións por réximes. Galicia

Unidade: porcentaxe



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridade Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

## 4 Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador. A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á *Tesorería General de la Seguridade Social* e ao *Instituto Social de la Marina*. A explotación é efectuada pola *Gerencia de Informática de la Seguridade Social*. Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais. Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>